

# NOTA INFORMATIVA

## Motivos de suspensión temporal do servizo de Castrelo Bus

O alcalde de Castrelo de Miño, Avelino Pazos e o seu equipo de goberno en pleno, denuncian ante a veciñanza e os medios de comunicación as graves irregularidades que os anteriores mandatarios locais do BNG cometeron no eido do transporte municipal.

Trala consulta ao Servizo de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia para coñecer a situación administrativa do servizo de Castrelo Bus, recibíuse a resposta de que ***non consta ningunha solicitude do concello de Castrelo de Miño a tal efecto***, nin se iniciara ningún expediente en relación coa coordinación de competencias ante o establecemento ou a ampliación de servizos urbanos colectivos en concellos de ata 50.000 habitantes, regulado pola Lei 6/1996, do 9 de xullo, de coordinación dos servizos de transportes.

No devandito informe tamén se subliñaba que non consta tampouco a comunicación previa para o establecemento de novos servizos locais por parte dos concellos, prevista no artigo 73.5 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

### Medidas legais

Ante esta manifesta ilegalidade do anterior grupo de goberno do BNG, o alcalde e o seu equipo están a estudar a posibilidade de iniciar medidas legais contra os anteriores xestores pola irregularidades cometidas e a súa intención de chegar <<*ata onde faga falla para delimitar a responsabilidade de cada quen*>>, pois <<*puxeron en risco a integridade de todas as veciñas e veciños do noso concello, sobre todo dos cativos e dos nosos maiores*>>.

Este servizo estivo en funcionamento sen ningunha cobertura legal prestado maioritariamente por voluntarios de Protección Civil, os cales cobraban unha





## Concello de Castrelo de Miño

asignación fixa por hora non sometida á normativa fiscal vixente.

Dende o ano 2011, data en que se iniciou o expediente da ordenanza reguladora do prezo público polo servizo de transporte municipal, o informe de **secretaría-intervención xa advertía que non se cumprían os requisitos necesarios**; e posteriormente no ano 2014 outro informe do devandito organismo concluíu nun “reparo suspensivo sobre a aprobación e pago destes gastos e futuros deste servizo aos membros de protección civil, baseándose nun remanente de tesourería negativo, resultado orzamentario negativo, incumprindo estabilidade financeira e regra de gasto segundo a liquidación do exercicio 2013, incumprindo o plan de axuste, sen plan económico financeiro e cun déficit importante nun servizo para o que non se tramitou o expediente de municipalización”. Este reparo foi levantado sendo alcalde Xurxo Rodríguez Méndez e asinado por delegación polo tenente de alcalde Alfredo Fernández Rodríguez.

### Renovación do servizo

O actual grupo de goberno, ante o despropósito desta situación e a irresponsabilidade de quen a puxo en marcha, **non tivo máis remedio que cancelar provisionalmente o servizo á procura da busca de solucións legais** que o amparasen. Iniciáronse unha serie de negociacións con membros do sector do taxi de Castrelo de Miño, para atopar alternativas que permitan dalgún xeito renovar as prestacións de mobilidade das veciñas e veciños, e rematar coa competencia desleal que viñan sufrindo os profesionais deste sector. Lembrar que os membros deste colectivo, seguen a pagar os seus impostos no mesmo ente local que os deixou de lado e non se preocupou da súa situación de desamparo total ante a decisión arbitraria que tomou o equipo de goberno do BNG.

O Alcalde

Avelino Pazos Pérez

